

### **Desterros confinados**

Estou agardando a hora en que os galos voan  
polas nubes rosas das batallas do solpor.  
Observo a natureza durmida a través da súa particular escuridade.  
O frío apodérase do meu corpo ata converterse en afecto  
e as persoas tentan facer das penurias un sorriso prefabricado.  
Tí aínda preguntas o porqué...  
As miñas explicacións chegan aos teus oídos  
coma un xérido folgo primaveral.  
Morro cada noite a causa dos poemas que me afogan a alma  
sumíndome na súa escravidoute.  
Unha escravidoute que me cega de todo xuízo  
facendo os meus días más soportables.  
Estás condenada a unha corentena,  
escoitarás berros fríos  
e recordos doutra existencia.  
Tí estabas nese encerro mentres eu vía pasar  
nas noites de lúa chea o holandés errante.

Sinto que vivo en dous días consecutivos perdidos no tempo e dos que non podo saír.

### **Sen tempo para a loita**

Vivo nunha cova, durmida e atada.  
Teño uns prismáticos para ver pasar  
o mundo diante de min, distante.  
Bérranme pero non reacciono,  
caio de xeonllos.  
E vexo as follas brancas das árbores  
que me enterran nun bosque cando estou soa.  
Caen como a neve,  
só son follas en branco  
e o escrito bórrase coa chuvia da fiestra.  
E non articulo palabras razoables,  
os meus oídos sangran formando pozas ao redor de min.  
E caio sen conciencia na miña tumba.  
Paso noites brancas e negras,  
quero xogar ás cartas coas Furias.  
Quero levantar as piquetas,  
pero eu son o minotauro  
e vivo sentada diante desa parede.  
Sen tempo de fuxir.

### *Oggi, no domani*

Hoxe, non mañá será cando espertes  
do teu sono.

Hoxe, non mañá será cando as fábricas exploten,  
e os libros pechen caladamente as chemineas.  
Cando atopemos unha balsa en ríos de vermello sangue de viño.  
Pero segues aí sentado brindando co teu amigo.  
Coa face descomposta duns pés verdes  
co soldo dun balón e o diñeiro defunto  
que profanas nunha tumba.  
Sen oír a desesperación dos berros pola rúa,  
sen ver a sombra xa perdida dunha pedra.  
sen contar as mortes detrás do sol dunha descarada bandeira.

### **A capital do mundo**

Non quero despedirme das árbores da miña fiestra  
cando se me aparezan.

Nin da poesía aliada coa dor que pesa.

Non podo despedirme do cárcere das  
pálpebras dos meus ollos.

Nin do longo camiño de cadeas que os meus pés  
terán que andar.

Serán os sentimentos que aínda voan  
ao meu redor nunha cúpula.

Será unha loucura lenta e invisible.

Será o desterro da feminidade do *big band*.

Serán as cancións xordas de noites afastadas  
caendo en tristes camiños de pedra.

Serán as mañás nas que o sol non cantará ópera  
mais as noites nas que a xente camiñará sobre a lúa.

Podo dicirche que os meus ollos proxectarán unha  
única vía romana.

E que queimarei estes versos se o tempo non para.

*Alea iacta est*

Volveu ao frío de miradas que escrutaban as súas entrañas.

De policías dotados de permiso  
que percorren os ollos das súas noites  
paralizándoas.

De alaridos de guerra que hai que moderar.  
Sen sentido, enfermizos.

Atopábase outra vez no dobre xulgado da súa vida,  
e a dobre superiodidade do xuíz vaina vencer.  
Á súa avogada puxéronlle unha camisa de forza.  
As mans empezan a tremer.

Era unha intrusa na túa educación de centros de mesa,  
era a muller tola que berraba sen sentido.  
Era a fantasma dun cadaleito esquelético,  
e o sinal do desterro.

Non acabedes coma ela...

Era o final insípido do teu paternalismo,  
as palabras erróneas sen fala  
e as túas bágoas interrogativas que se separan  
nas vías dun tren.

Ave Caesar... e o que sobre!  
Non pode haber rimas se é verso libre.